

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE ECONOMÍA E FACENDA

10479 Orde EHA/1681/2009, do 12 de xuño, pola que se modifica a Orde do Ministerio de Facenda do 12 de decembro de 2000, pola que se regula a elaboración da conta xeral do Estado.

O artigo 124 da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria, establece que lle corresponde ao ministro de Facenda (actualmente ministro de Economía e Facenda), por proposta da Intervención Xeral da Administración do Estado, determinar o contido, a estrutura, as normas de elaboración e os criterios de agregación ou consolidación da conta xeral do Estado.

A dita lei regula nos seus artigos 130 e seguintes a estrutura da conta xeral do Estado, a súa formación pola Intervención Xeral da Administración do Estado así como a súa posterior remisión ao Tribunal de Contas.

En cumprimento do anterior aprobouse a Orde do 12 de decembro de 2000, que regula a conta xeral do Estado, posteriormente modificada pola Orde EHA/553/2005, do 25 de febreiro, co obxecto de introducir no proceso de elaboración da conta xeral do Estado unha serie de correccións propostas pola Comisión Mixta para as relacións co Tribunal de Contas nas súas resolucións relativas ás declaracións sobre as contas xerais do Estado dos exercicios 1999, 2000 e 2001.

Actualmente producíronse unha serie de circunstancias que fan necesario modificar, de novo, a Orde reguladora da conta xeral do Estado.

En primeiro lugar, en relación coa conta xeral do sector público administrativo, cómpre ter en conta que, ata a correspondente ao exercicio económico 2006, esta conta xeral presentábase agregada e na súa memoria subministrábase certa información consolidada. Pero, dado que a conta xeral do sector público administrativo do ano 2007 xa se presentou consolidada, considérase conveniente modificar o contido da súa memoria para incorporar nela certa información agregada relativa ás entidades que a integran. Así mesmo, engadírase na memoria información orzamentaria relativa ás entidades estatais de dereito público e aos consorcios que forman parte do sector público administrativo cuxos orzamentos de explotación e capital figuren incluídos na Lei de orzamentos xerais do Estado de cada exercicio, así como información agregada relativa a fondos sen personalidade xurídica.

Outro dos motivos que fan necesario modificar a Orde reguladora da conta xeral é a necesidade de adaptar a estrutura da conta xeral do sector público empresarial ao novo Plan Xeral de Contabilidade, aprobado polo Real decreto 1514/2007, do 16 de novembro.

O dito plan ten a súa orixe na Lei 16/2007, do 4 de xullo, de reforma e adaptación da lexislación mercantil en materia contable para a súa harmonización internacional con base na normativa da Unión Europea, así como nas recomendacións da Comisión de expertos para a elaboración dun informe sobre a situación actual da contabilidade en España e liñas básicas para abordar a súa reforma (Libro Branco da Contabilidade), que puxeron de manifesto que os principios e criterios contables que as empresas españolas deben aplicar na elaboración das contas anuais individuais deben ser os recollidos na normativa nacional que, pola súa vez, deben estar en sintonía co regulado nas citadas Normas Internacionais de Información Financeira adoptadas pola Unión Europea.

Ademais, seguindo as propostas do Tribunal de Contas e da Comisión Mixta para as relacións co Tribunal de Contas, régulase a elaboración da conta xeral do sector público empresarial mediante a agregación das contas anuais consolidadas dos grupos empresariais e das contas individuais das entidades que non forman parte de ningún grupo consolidado.

Así mesmo, régúlese que na Memoria da conta xeral do sector público empresarial se inclúan uns estados parcialmente consolidados así como a liquidación agregada dos orzamentos de explotación e capital das entidades cuxos orzamentos figuren incluídos na Lei de orzamentos xerais do Estado de cada exercicio.

Tamén é necesario modificar a estrutura da conta agregada de entidades de seguros que se presenta na memoria, para adaptala ao novo Plan de contabilidade para as entidades aseguradoras, aprobado polo Real decreto 1317/2008, do 24 de xullo, co obxecto de adecuar o marco contable aplicable ás ditas entidades ao contorno normativo das Normas Internacionais de Información Financeira aplicables na Unión Europea.

Ademais, a conta agregada das entidades de crédito pasa a ser unha conta consolidada cuxa estrutura se adapta aos modelos previstos na Circular do Banco de España 6/2008, do 26 de novembro, pola que se modifica a Circular 4/2004, do 22 de decembro, sobre normas de información financeira pública e reservada e modelos de estados financeiros.

En relación coa conta xeral do sector público fundacional, foi necesario modificar a súa estrutura para adecuar o seu contido aos modelos do novo Plan Xeral de Contabilidade, ben que se incluíron exclusivamente balance e conta de resultados, xa que o ICAC elaborou un informe á consulta 1 do BOICAC n.º 73/marzo 2008 «Desenvolvementos normativos en materia contable. Disposición transitoria 5.ª RD 1514/2007» no cal establece que «as contas anuais das entidades sen fins lucrativos estarán integradas polos documentos exixidos polas súas disposicións específicas. En particular, cando esas disposicións obriguen a elaborar exclusivamente balance, conta de resultados e memoria, as entidades non estarán obrigadas a elaborar os novos documentos incluídos no PXC 2007 (estado de cambios no patrimonio neto e estado de fluxos de efectivo)».

Así mesmo, inclúese na Memoria da conta xeral do sector público fundacional a liquidación agregada dos orzamentos de explotación e capital das entidades cuxos orzamentos figuren incluídos na Lei de orzamentos xerais do Estado de cada exercicio.

Por outro lado, de acordo co previsto no artigo 130.3 da Lei xeral orzamentaria, que establece que o ministro de Facenda poderá determinar a obtención dunha conta agregada ou consolidada de todos os entes do sector público estatal ou por sectores, incorporárase a partir do exercicio 2009, na Memoria da conta xeral do Estado, unha conta única comprensiva de todas as entidades do sector público estatal que integrará, de forma paulatina, as entidades dos sectores públicos empresarial e fundacional na conta xeral do sector público administrativo consolidada polo procedemento de posta en equivalencia modificado. O dito procedemento consiste en aplicar o de posta en equivalencia sobre a situación financeira e os resultados das entidades obtidos segundo os principios xeralmente aceptados polas empresas, non sendo necesario, por tanto, realizar as homoxeneizacións previas para adaptar as valoracións dos estados financeiros de cada entidade aos principios contables públicos aplicables á matriz nin tampouco as eliminacións por operacións internas.

Seguindo as propostas da Comisión Mixta de relacións co Tribunal de Contas e co obxecto de verificar o obxectivo de estabilidade orzamentaria, incorpórase na Memoria da conta xeral información en termos de contabilidade nacional.

Por outra parte, adécuase o contido da disposición adicional única da Orde do 12 de decembro de 2000, que regula a obriga de consolidar de determinadas entidades do sector público estatal, ao da disposición adicional segunda da Lei 16/2007, antes mencionada.

Ademais, elimínanse as disposicións transitorias primeira e terceira da Orde do 12 de decembro de 2000, que regulan, respectivamente, o réxime transitorio para a elaboración da conta xeral do sector público administrativo e a integración das mutuas de accidentes de traballo e enfermidades profesionais da Seguranza Social na conta xeral do sector público administrativo, por non resultar de aplicación. Como consecuencia do anterior, a disposición transitoria segunda da dita orde, reguladora das entidades que se integrarán proporcionalmente na conta xeral do sector público administrativo, pasa a ser a disposición transitoria única desa orde.

Por último, elimínase o anexo II desa orde que regulaba as especificacións técnicas da información que deben render as entidades que forman parte da conta xeral do sector

público administrativo e modifícanse os anexos I, III, IV e V desa orde para incluír os modelos da conta xeral do sector público administrativo, empresarial e fundacional, así como o da conta agregada de entidades de seguros e o da conta consolidada de entidades de crédito adaptados á normativa aplicable ás ditas entidades e elimínase o anexo VI desa orde que xa non é de aplicación. Ademais, o anexo VII pasa a denominarse anexo VI «Estrutura da conta xeral do sector público administrativo agregada» e engádese un anexo VII para incorporar os modelos da información que hai que subministrarse en termos de contabilidade nacional.

Como consecuencia de todo o anterior, cómpre aprobar unha modificación da Orde do 12 de decembro de 2000, pola que se regula a conta xeral do Estado modificada pola súa vez pola Orde EHA/553/2005, para introducir os cambios antes mencionados.

Así, en uso das facultades que ao ministro de Facenda (actualmente ministro de Economía e Facenda) lle outorga o artigo 124 da Lei xeral orzamentaria, por proposta da Intervención Xeral da Administración do Estado, esta norma modifica a Orde do Ministerio de Facenda, do 12 de decembro de 2000, pola que se regula a elaboración da conta xeral do Estado.

Na súa virtude, de acordo co Consello de Estado, dispoño:

Artigo único. Modificación da Orde do 12 de decembro de 2000 pola que se regula a elaboración da conta xeral do Estado.

Modifícanse os seguintes puntos da Orde do 12 de decembro de 2000, pola que se regula a elaboración da conta xeral do Estado.

Un. Modificación do punto segundo «A conta xeral do sector público administrativo».

1. Modifícase o punto 1.2.d), que queda redactado da seguinte forma:

«d) O resto de organismos e entidades non incluídos nos puntos anteriores que, segundo o establecido no artigo 121.2 da Lei xeral orzamentaria, formen as súas contas de acordo cos principios e normas de contabilidade recollidos no Plan Xeral de Contabilidade Pública.»

2. Elimínase o punto 1.4.

3. Elimínase o número 5 «Valoración das participacións que as entidades que se integrarán globalmente na conta xeral do sector público administrativo teñan en sociedades mercantís estatais, en entidades públicas empresariais ou noutros organismos públicos».

4. Modifícase o punto 7.3 «Información que deben remitir as entidades do sistema de Seguranza Social», que queda redactado da seguinte forma:

«A Intervención Xeral da Seguranza Social deberá remitir á Intervención Xeral da Administración do Estado a conta xeral da Seguranza Social, e pode utilizar os procedementos informáticos que, para o efecto, determine a Intervención Xeral da Administración do Estado.

A conta xeral da Seguranza Social deberá ir acompañada de información relativa ás operacións realizadas durante o exercicio coas restantes entidades que se integran na conta xeral do sector público administrativo, de acordo co contido que establece a Intervención Xeral da Administración do Estado».

5. Modifícase o punto 7.4 «Resto de entidades que se integrarán na conta xeral do sector público administrativo», que queda redactado da seguinte forma:

«O resto de entidades que se integrarán na conta xeral do sector público administrativo deberá remitir á Intervención Xeral da Administración do Estado as contas anuais aprobadas antes do 31 de xullo do exercicio seguinte a aquel a que estas se refiran, podendo utilizar os procedementos informáticos que, para o efecto, determine o dito centro directivo.

As contas anuais destas entidades deberán ir acompañadas de información relativa ás operacións realizadas durante o exercicio coas restantes entidades que

se integran na mencionada conta xeral, de acordo co contido que estableza a Intervención Xeral da Administración do Estado.»

6. Modifícase o punto 7.5 «Outra información», que queda redactado da seguinte forma:

«As entidades que se integrarán na conta xeral do sector público administrativo deberán remitir á Intervención Xeral da Administración do Estado calquera información que o dito centro directivo considere necesaria para a elaboración da citada conta xeral.»

Dous. Modificación do punto terceiro «A conta xeral do sector público empresarial».

1. Modifícase o punto 1.1, que queda redactado da seguinte forma:

«A conta xeral do sector público empresarial formarase mediante a agregación do balance, da conta de perdas e ganancias, do estado de cambios no patrimonio neto e do estado de fluxos de efectivo das entidades do sector público estatal que formen as súas contas de acordo cos principios e normas de contabilidade recollidos no Plan Xeral de Contabilidade vixente para a empresa española e as súas normas de desenvolvemento.

No caso de grupos empresariais obrigados a presentar contas consolidadas, as contas que se integrarán serán as do citado grupo.»

2. Modifícase o punto 1.2, que queda redactado da seguinte forma:

«1.2 As entidades do sector público estatal que integran esta conta son:

Entidades públicas empresariais das previstas no capítulo III do título III da Lei 6/1997, do 14 de abril, de organización e funcionamento da Administración xeral do Estado.

Sociedades mercantís estatais das previstas no artigo 2.e) da Lei xeral orzamentaria.

O resto de entidades do sector público estatal que estean sometidas ao Plan Xeral de Contabilidade aplicable á empresa española e ás súas disposicións de desenvolvemento.

Non se agregarán na conta xeral do sector público empresarial aquelas entidades que teñan actividades tan diferentes que a súa inclusión resulte contraria á obtención da finalidade propia das contas anuais agregadas. Para estes efectos considérase que é contraria á finalidade expresada a concorrencia de entidades de crédito e de seguros con outras cuxa actividade sexa comercial, industrial ou de servizos.»

3. Modifícase o primeiro parágrafo do punto 3.1 « Definición », que queda redactado da seguinte forma:

«A aplicación do procedemento de agregación supón a elaboración dun balance agregado ao cal se incorporarán todos os activos, pasivos e patrimonios netos das entidades previstas no punto 1.2 deste número terceiro, unha conta de perdas e ganancias agregada na cal se incluírán todos os ingresos e gastos que concorran na determinación do resultado das ditas entidades; un estado de cambios no patrimonio neto agregado no cal se incluírán todas as variacións no patrimonio neto das ditas entidades e un estado de fluxos de efectivo agregado en que se informará sobre a orixe e utilización dos activos monetarios representados en efectivo e outros activos líquidos equivalentes das ditas entidades.

Estes estados elaboraranse unha vez realizadas as homoxeneizacións que procedan conforme o disposto nos puntos seguintes, salvo que as ditas homoxeneizacións ofrezan un interese pouco relevante para os efectos de subministrar información sobre a situación patrimonial e financeira e sobre os resultados económicos do conxunto de entidades que se integran na conta xeral do sector público empresarial.»

4. Modifícase o número 3 do punto 3.2.1 «Homoxeneización temporal», que queda redactado da seguinte forma:

«Cando, durante un exercicio, unha entidade pase a integrarse ou quede fóra da conta xeral do sector público empresarial, a información contable que se vai agregar deberá estar referida unicamente á parte do exercicio en que a dita entidade formase parte da dita conta xeral.»

5. Modifícase o punto 3.3 «Agregación», que queda redactado da seguinte forma:

«A preparación da conta xeral do sector público empresarial realizarase mediante agregación das diferentes partidas, segundo a súa natureza, das contas anuais consolidadas dos grupos empresariais e das contas anuais individuais das entidades que non forman parte de ningún grupo empresarial, homoxeneizadas.»

6. Modifícase o número 1 do punto 4.1 «Composición», que queda redactado da seguinte forma:

«A conta xeral do sector público empresarial comprende o balance agregado, a conta de perdas e ganancias agregada, o estado de cambios no patrimonio neto agregado e o estado de fluxos de efectivo agregado. Estes estados constitúen unha unidade.»

7. Modifícase o punto 4.2 «Estrutura da conta xeral do sector público empresarial», que pasa a ter a seguinte redacción:

«A estrutura dos estados que se integran na conta xeral do sector público empresarial adaptárase aos modelos establecidos no anexo II desta norma.»

8. Modifícase o número 1 do punto 4.3, que queda redactado da seguinte forma:

«O balance agregado comprenderá, co nivel de detalle que se especifica no anexo II, o activo, o pasivo e o patrimonio neto das entidades que se integran na conta xeral do sector público empresarial.»

9. Modifícase o número 1 do punto 4.4, que queda redactado da seguinte forma:

«A conta de perdas e ganancias agregada comprenderá, co nivel de detalle que se especifica no anexo II, os ingresos e gastos das entidades que se integran nesta conta xeral e o resultado agregado.»

10. Engádense os puntos 4.5 «Estado de cambios no patrimonio neto agregado» e 4.6 «Estado de fluxos de efectivo agregado», coa seguinte redacción:

«4.5 Estado de cambios no patrimonio neto agregado.

1. O estado de cambios no patrimonio neto agregado ten dúas partes:

A primeira, denominada estado de ingresos e gastos recoñecidos agregado, que recolle os cambios no patrimonio neto derivados do resultado do exercicio, os ingresos e gastos que se deban imputar directamente ao patrimonio neto e as transferencias realizadas á conta de perdas e ganancias.

A segunda, denominada estado total de cambios no patrimonio neto agregado, informa de todos os cambios habidos no patrimonio neto derivados de: saldo total de ingresos e gastos recoñecidos, variacións orixinadas no patrimonio neto por operacións cos socios ou propietarios cando actúen como tales e as restantes variacións que se produzan no patrimonio neto. Tamén informará dos axustes ao patrimonio neto debidos a cambios en criterios contables e correccións de erros.

2. O estado de ingresos e gastos recoñecidos deberase formular tendo en conta que, en cada partida deberán figurar, ademais das cifras do exercicio que se pecha, as correspondentes ao exercicio inmediato anterior. Non obstante, para o primeiro exercicio en que entre en vigor esta norma poderanse omitir as cifras do exercicio anterior.

4.6 Estado de fluxos de efectivo agregado.

1. O estado de fluxos de efectivo agregado informa sobre a orixe e a utilización dos activos monetarios representativos de efectivo e outros activos líquidos equivalentes, clasificando os movementos por actividades e indicando a variación neta da dita magnitude no exercicio.

2. O estado de fluxos de efectivo agregado deberase formular tendo en conta que en cada partida deberán figurar, ademais das cifras do exercicio que se pecha, as correspondentes ao exercicio inmediato anterior. Non obstante, para o primeiro exercicio en que entre en vigor esta norma poderanse omitir as cifras do exercicio anterior.»

11. Modifícase o punto 5.3 «Outra información», que pasa a ter a seguinte redacción:

«As entidades que se integrarán na conta xeral do sector público empresarial deberán remitir á Intervención Xeral da Administración do Estado calquera outra información que o dito centro directivo considere necesaria para a elaboración da citada conta xeral.»

Tres. Modificación do punto cuarto «A conta xeral do sector público fundacional».

1. Modifícase o número 1 «Delimitación», que pasa a ter a seguinte redacción:

«A conta xeral do sector público fundacional formarase mediante a agregación do balance e das contas de resultados das entidades do sector público estatal que formen as súas contas de acordo cos principios e normas de contabilidade recollidos no Real decreto 776/1998, do 30 de abril, polo que se aproban as normas de adaptación do Plan Xeral de Contabilidade ás entidades sen fins lucrativos.»

2. Modifícase o punto 3.2 «Estrutura da conta xeral do sector público fundacional», que pasa a ter a seguinte redacción:

«A estrutura dos estados que se integran na conta xeral do sector público fundacional adaptarase aos modelos establecidos no anexo III desta norma.»

3. Modifícase o número 1 do punto 3.3 «Balance agregado», que queda redactado da seguinte forma:

«O balance agregado comprenderá, co nivel de detalle que se especifica no anexo III, o activo, o pasivo e o patrimonio neto das entidades que se integran na conta xeral do sector público fundacional.»

4. Modifícase o número 1 do punto 3.4 «Conta de resultados agregada», que pasa a ter a seguinte redacción:

«A conta de resultados agregada comprenderá, co nivel de detalle que se especifica no anexo III, os ingresos e gastos das entidades que se integran nesta conta xeral e o resultado ou excedente agregado.»

Catro. Modificación do punto quinto «Memoria».

1. O punto 2.5 «Outra información», pasa a denominarse 2.5 «Información agregada» e conterá a seguinte información:

«2.5 Información agregada.

1. Estados financeiros que conforman as contas anuais, obtidos mediante agregación dos datos das contas individuais das entidades que integran o sector público administrativo, de acordo cos modelos do anexo V desta orde.»

2. Outra información orzamentaria agregada.

2.1 Estado de liquidación do orzamento agregado. Liquidación do orzamento de gastos. Detalle por subsectores.

Ofrecerase o detalle da información contida no estado de liquidación do orzamento de gastos, agrupada en cinco subsectores:

Administración xeral do Estado.
Sistema da Seguranza Social.
Organismos autónomos.
Axencias estatais.
Resto de entes públicos.

2.2 Modificacións de crédito.

Ofrecerase información, por capítulos, sobre os distintos tipos de modificacións de crédito realizadas no exercicio.

2.3 Obrigacións pendentes de pagamento de orzamentos pechados.

Presentarase, no nivel de capítulo, información sobre:
Obrigacións pendentes de pagamento en 1 de xaneiro.
Rectificacións do saldo entrante e anulacións.
Total obrigacións.
Pagamentos realizados.
Obrigacións pendentes de pagamento en 31 de decembro.

2.4 Compromisos de gasto con cargo a orzamentos de exercicios posteriores.

Presentarase, no nivel de capítulo, información sobre os compromisos de gastos adquiridos durante o exercicio, así como nos precedentes, imputables a orzamentos de exercicios sucesivos, con indicación do seu importe e do ano a que se refiran.

2.5 Estado de liquidación do orzamento agregado. Liquidación do orzamento de ingresos. Detalle por subsectores.

Ofrecerase o detalle da información contida no Estado de liquidación do orzamento de ingresos, agrupada en cinco subsectores:

Administración xeral do Estado.
Sistema da Seguranza Social.
Organismos autónomos.
Axencias estatais.
Resto de entes públicos.

2.6 Dereitos a cobrar de orzamentos pechados.

Presentarase, a nivel de capítulo, información sobre:
Dereitos pendentes de cobramento en 1 de xaneiro.
Rectificacións do saldo entrante.
Anulacións efectuadas.
Dereitos cancelados.
Recadación.
Dereitos pendentes de cobramento en 31 de decembro.

2.7 Resultado de operacións comerciais.

3. Información orzamentaria relativa ás entidades estatais de dereito público reguladas no artigo 2.1.g) e aos consorcios regulados no artigo 2.1.h) da Lei xeral orzamentaria, que formen parte do sector público administrativo e cuxos orzamentos de explotación e capital figuren incluídos na Lei de orzamentos xerais do Estado de cada exercicio.

4. Información agregada relativa aos fondos sen personalidade xurídica regulados no artigo 2.2 da Lei xeral orzamentaria.

2. Elimínase o punto 2.6 «Información consolidada».
3. O punto 2.7 pasa a denominarse 2.6 «Grao de realización dos obxectivos».

4. Modifícase o punto 3.3 «Relación das entidades que non se integran nesta conta xeral», que pasa a ter a seguinte redacción:

«As entidades non integradas nesta conta xeral ordenaranse en función das causas da súa non-inclusión e, dentro de cada unha delas, segundo a súa forma xurídica e o ministerio a que estean adscritas ou do cal dependan.

As contas das entidades de seguros agregaranse de forma independente. O balance agregado, a conta de perdas e ganancias agregada, o estado de cambios no patrimonio neto agregado e o estado de fluxos de efectivo agregado elaboraranse de acordo cos modelos previstos no anexo IV desta orde, e débense incluír na memoria.

As contas das entidades de crédito consolidaranse de forma independente. O balance consolidado, a conta de perdas e ganancias consolidada, o estado de cambios no patrimonio neto consolidado e o estado de fluxos de efectivo consolidado elaboraranse de acordo cos modelos previstos no anexo IV desta orde, e débense incluír na memoria.»

5. Engádense os puntos 3.6 «Información consolidada» e 3.7 «Liquidación dos orzamentos de explotación e capital», coa seguinte redacción:

«3.6 Información consolidada.

Presentaranse uns estados financeiros, nos cales gradualmente se irán eliminando as operacións internas realizadas entre as entidades que se integran nesta conta xeral.»

«3.7 Liquidación dos orzamentos de explotación e capital.

Presentarase, a partir do exercicio 2009, a liquidación agregada dos orzamentos de explotación e capital das entidades cuxos orzamentos figuren incluídos na Lei de orzamentos xerais do Estado de cada exercicio.»

6. Engádense o punto 4.5 «Liquidación dos orzamentos de explotación e capital», coa seguinte redacción:

«4.5 Liquidación dos orzamentos de explotación e capital.

Presentarase, a partir do exercicio 2009, a liquidación agregada dos orzamentos de explotación e capital das entidades cuxos orzamentos figuren incluídos na Lei de orzamentos xerais do Estado de cada exercicio.»

7. Engádense o número 5 «Conta única do sector público estatal», coa seguinte redacción:

«5. Conta única do sector público estatal.

Presentarase, a partir do exercicio 2009, unha conta única consolidada comprensiva de todas as entidades sector público estatal que integrará, de forma paulatina, as entidades dos sectores públicos empresarial e fundacional na conta xeral do sector público administrativo consolidada, polo procedemento de posta en equivalencia modificado.»

8. Engádense o número 6 «Información en termos de contabilidade nacional», coa seguinte redacción:

«6. Información en termos de contabilidade nacional.

Na conta xeral do Estado incluírase información relativa ao resultado obtido pola Administración central e polas administracións de Seguranza Social en termos de contabilidade nacional, determinado de acordo cos criterios de delimitación institucional e imputación de operacións establecidos no Regulamento (CE) n.º 2223/96 do Consello, do 25 de xuño de 1996, relativo ao Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais da Comunidade (SEC-95) e demais normativa comunitaria aplicable, de acordo cos modelos do anexo VI desta orde.

A información que se inclúa coincidirá cos últimos datos de carácter definitivo (que serán os relativos ao exercicio inmediato anterior a aquel a que se refire a conta xeral) notificados á Comisión Europea en cumprimento das obrigas impostas aos Estados membros polo procedemento de déficit excesivo regulado no Regulamento CE 3605/1993 do Consello, modificado polo Regulamento CE 475/2000 do Consello e polo Regulamento CE 2103/2005 do Consello.»

Cinco. Modificación da disposición adicional única.

A disposición adicional única da Orde do 12 de decembro de 2000 queda redactada da seguinte forma:

«Disposición adicional única. *Obriga de consolidar de determinadas entidades do sector público estatal.*

As entidades públicas empresariais e outras entidades do sector público estatal, con excepción das sociedades mercantís estatais, sometidas á normativa mercantil en materia contable que, dominando outras entidades sometidas á dita normativa, formen un grupo de acordo cos criterios previstos na sección 1º do capítulo 1 das Normas para a Formulación de Contas Anuais consolidadas, aprobadas polo Real decreto 1815/1991, do 20 de decembro, formularán as súas contas anuais consolidadas para os efectos da elaboración da conta xeral do Estado, conforme os criterios establecidos nas ditas normas.»

Seis. Modificación das disposicións transitorias.

Elimínanse as disposicións transitorias primeira «Régime transitorio para a elaboración da conta xeral do Estado» e terceira «Integración das mutuas de accidentes de traballo e enfermidades profesionais da Seguranza Social na conta xeral do sector público administrativo» da Orde do 12 de decembro de 2000 pola que se regula a elaboración da conta xeral do Estado.

A disposición transitoria segunda da dita orde pasa a denominarse disposición transitoria única «Entidades que se integrarán proporcionalmente na conta xeral do sector público administrativo» e mantén a súa redacción.

Sete. Modificación da disposición derradeira primeira.

A disposición derradeira primeira da Orde do 12 de decembro de 2000 queda redactada da seguinte forma:

«Disposición derradeira primeira. *Modificación dos modelos de estados que integran a conta xeral do Estado.*

A Intervención Xeral da Administración do Estado, de acordo cos criterios previstos na orde, poderá modificar os modelos dos estados que constitúen a conta xeral do sector público administrativo, a do sector público empresarial e a do sector público fundacional, así como os modelos relativos á información contida na memoria, previstos nos anexos I, II, III, IV, V e VI desta orde.»

Oito. Modificación dos anexos.

Modifícase o contido do anexo I «Estrutura da conta xeral do sector público administrativo» da Orde do 12 de decembro de 2000, que pasará a ter o contido previsto no anexo I desta orde, e elimínanse os anexos II «Especificacións técnicas da información que deben render as entidades que forman parte da conta xeral do sector público administrativo» e VI «Memoria: especificacións técnicas da información que deben render as entidades que integran a conta xeral do sector público administrativo» da dita orde.

O anexo III da dita orde pasa a denominarse anexo II «Estrutura da conta xeral do sector público empresarial»; o anexo IV pasa a denominarse anexo III «Estrutura da conta xeral do sector público fundacional» e o anexo V pasa a denominarse anexo IV «Estrutura da conta agregada das entidades de seguros e da conta consolidada das entidades de

crédito que se incluíra na memoria» e pasarán a ter o contido previsto no anexo I desta orde.

O anexo VII pasa a denominarse anexo V «Estrutura da conta xeral do sector público administrativo agregada».

Inclúese un novo anexo VI «Información en termos de contabilidade nacional» na Orde do 12 de decembro de 2000, co contido previsto no anexo II desta orde.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 12 de xuño de 2009.—A vicepresidenta segunda do Goberno e ministra de Economía e Facenda, Elena Salgado Méndez.

ANEXO I
MODIFICACIÓN DOS ANEXOS I, III, IV e V DA ORDE DO 12 DE DECEMBRO DE 2000
ESTRUTURA DA CONTA XERAL DO SECTOR PÚBLICO ADMINISTRATIVO
BALANCE CONSOLIDADO

ACTIVO	EX N	EX N-1	PASIVO	EX N	EX N-1
A) INMOBILIZADO			A) FONDOS PROPIOS		
